



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO CONCELLO PLENO O DÍA 11 DE XULLO DE 2019**

**ASISTEN:**

**Preside a Alcaldesa**

Don MARIA RAMALLO VÁZQUEZ (PP)

**Concelleiros/as asistentes**

Don MANUEL SANTOS COSTA (PP)

Dona M<sup>a</sup> ANTONIA SANMARTIN GARCIA (PP)

Don FRANCISCO JOSE ESTÉVEZ SALAZAR (PP)

D. ANTONIO TRABA MIÑONES (PP)

D. PABLO NOVAS CABALLERO (PP)

Dona CRISTINA ACUÑA GONZÁLEZ (PP)

Dona BEATRIZ RODRÍGUEZ GÓMEZ (PP)

Dona RAQUEL SOAGE GUIMERANS (PP)

Don ANTONIO CAÍÑA FORTES (PP)

Dona CARMEN ITZIAR ÁLVAREZ TAPIA (PP)

Don MANUEL DOMINGOS GONZÁLEZ GARCÍA (PP)

Don HUGO GONZÁLEZ LÓPEZ (PP)

Dona MÓNICA VIQUEIRA RODRÍGUEZ (PP)

Dona ELISA DOPAZO LÓPEZ (PP)

Don MANUEL ÁNGEL PAZOS LAMOSO (PSdeG-PSOE)

Dona IRIA SOBRINO FAGILDE (PSdeG-PSOE)

Dona M<sup>a</sup> DOLORES GONZÁLEZ RECAMÁN(PSdeG-PSOE)

Don BENITO GONZÁLEZ DOPAZO (PSdeG-PSOE)

Don DIEGO GONZÁLEZ MARTÍNEZ PSdeG-PSOE)

Dona LUCIA SANTOS OMIL (Gupo Mixto - BNG)

En Marín, e no Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as dezanove horas do día 11 de xullo de 2019, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, dona María Ramallo Vázquez, coa presenza dos corporativos arriba citados, en primeira convocatoria, celebrouse sesión ordinaria do Concello Pleno.

Da fe do acto a Sra. Secretaria, dona Paula Costas Romero.

**A) PARTE DISPOSITIVA**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O 15 DE XUÑO DE 2019 TRAS AS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O 26 DE MAIO DE 2019 E O BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN, CELEBRADA O 21 DE XUÑO DE 2019 (SESIÓN ORGANIZATIVA).**

A presidencia somete á consideración do Pleno a acta da Sesión Constitutiva da Corporación Municipal celebrada o 15 de xuño de 2019 e o borrador da acta da sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación (Sesión Organizativa), celebrada o 21 de xuño de 2019, que, ao non formularse observacións, quedan aprobadas, sen rectificacións, por unanimidade dos/as 21 concelleiros/as que integran a Corporación.

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS EDUCATIVOS E NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL - EXPTE.: SE10/2019.**

A Sra. secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía, de 02/07/2019, do seguinte tenor literal:

*“ Como consecuencia da constitución do Concello en sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2019 de conformidade cos resultados das Eleccións Locais do pasado 26 de maio de*



2019, faise necesario levar a cabo o nomeamento de representantes e suplentes do Concello nos consellos escolares dos centros docentes públicos e no Consello Escolar Municipal.

Os consellos escolares dos centros docentes públicos son o órgano de participación nos mesmos dos distintos sectores da comunidade educativa.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) prevé a presenza de representantes municipais nos consello escolar dos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, establecendo, en relación coa súa composición, que o consello escolar dos centros públicos estará composto polo director ou directora do centro, que será o seu presidente, o xefe de estudos, un concelleiro ou representante do concello en cuxo termo municipal estea radicado o centro, un número de profesores e profesoras, elixidos polo claustro, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do consello e un número de pais e de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do consello, un representante do persoal de administración e servizos do centro e o secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto (art. 126.1 LOE).

O Concello de Marín procedeu á constitución do seu respectivo Consello Escolar Municipal como órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares do ámbito municipal de Marín, fixando as súas disposicións regulamentarias de funcionamento, tendo en conta o establecido na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia (DOG do 26 de decembro de 1986).

Atendendo ao regulamento interno de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Marín, aprobado pola Corporación no seu día (BOP N.º 53, venres 14 marzo 2008), dito órgano está composto polo Alcalde/Alcaldesa ou membro da Corporación en quen delegue, que será o seu presidente, un Vicepresidente/Vicepresidenta que será elixido/elixida polo Pleno do Consello Escolar Municipal entre os seus membros e varios vogais, entre os que se inclúen dez membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación Municipal, dacordo co disposto no artigo 16.1b da Lei 3/1986, do 18 de decembro, que dí: "b) Os demais membros do Consello estarán distribuídos de tal xeito que os dous terzos da totalidade sexan pais, profesores e alumnos de todos os niveis educativos non universitarios do municipio. O terzo restante estará formado por directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños, a teor do disposto pola Corporación Municipal."

O Consello Escolar Municipal deberá ser consultado polo Concello sobre as cuestións que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.

Entre as funcións do Consello Escolar Municipal atópase a de poder elevar á Administración educativa ou ó Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.

Polo exposto, esta Alcaldía, en relación coa designación de representantes do Concello de Marín nos consellos escolares dos centros docentes públicos e no Consello Escolar Municipal, propón ó Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro.** Nomear representantes do Concello nos consellos escolares dos centros docentes públicos de Marín aos/ás seguintes concelleiros e concelleiras :

<b>CENTRO ESCOLAR</b>	<b>REPRESENTANTE</b>	<b>SUPLENTE</b>
IES Illa de Tambo	Manuel Santos Costa	Cristina Acuña González
IES Chan do Monte	Cristina Acuña González	Manuel Santos Costa
IES Mestre Landín	Antonio Caíña Fortes	Marián Sanmartín García
CEIP de Ardán	Pablo Novas Caballero	Raquel Soage Guimeráns
CEIP da Laxe	Marián Sanmartín García	Antonio Traba Miñones



<i>CEIP de Seixo</i>	<i>Raquel Soage Guimeráns</i>	<i>Pablo Novas Caballero</i>
<i>CEIP de Sequelo</i>	<i>Antonio Traba Miñones</i>	<i>Marián Sanmartín García</i>
<i>CEIP de Carballal</i>	<i>Beatriz Rodríguez Gómez</i>	<i>Antonio Caíña Fortes</i>
<i>EEI O Grupo</i>	<i>Itziar Álvarez Tapia</i>	<i>Beatriz Rodríguez Gómez</i>
<i>EEI Ntra. Sra. do Carme</i>	<i>Hugo González López</i>	<i>Itziar Álvarez Tapia</i>
<i>EEI de Marín de San Pedro</i>	<i>Fco. José Estévez Salazar</i>	<i>Hugo González López</i>
<i>EEI de Marín de Seixo</i>	<i>Fco. José Estévez Salazar</i>	<i>Hugo González López</i>

**Segundo.** *A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Benestar Social, Igualdade, Educación e Festas propondrá a designación de dez membros representantes do Concello de Marín no Consello Escolar Municipal.*

**Terceiro.-** *Notificar o presente acordo aos designados, así como aos respectivos centros docentes."*

A **Sra. Sanmartín García** indica que o obxecto desta proposta é nomear aos representantes e os seus suplentes nos consellos escolares de cada centro educativo, así como no Consello Escolar Municipal, para ter a información necesaria nos temas competencia do Concello así como de calquera problema ou calquera situación que poida xurdir en cada centro. Neste caso, propónse que os representantes sexan do grupo de goberno para así ter información de primeira man e, en caso de ser necesario, tratar de ser áxiles na resolución deses temas. Indica que na vindeira Comisión Informativa terán que poñerse de acordo na designación dos dez representantes do Concello no Consello Escolar Municipal de Marín e así se poderá convocar ao longo deste ano. Comenta que os grupos políticos pode aproveitar as Comisións Informativas para facer calquera achega sobre os centros educativos. A continuación informa que a proposta que acaba de ler a Sra. secretaria sufriu uns cambios que vai indicar para que queden gravados e pódanse modificar. Un deles é relativo ao CEIP de Sequelo xa que, en lugar de ser o representante o Sr. Traba Miñones, e a suplente Marián Sanmartín García, modifícase no sentido de que a representante é dona Beatriz Rodríguez Gómez e o suplente, don Antonio Traba Miñones. O outro cambio, refírese ao CEIP de Carballal, no que, en lugar de ser Beatriz Rodríguez Gómez, a representante, e o suplente, Antonio Caíña Forte, modifícase sendo a representante Elisa Dopazo López, e o suplente Antonio Caíña Fortes. Aclara que esas modificacións fixéronse tendo en conta os horarios laborais de todos os membros, co cal, gustaríalle que se tiveran en conta eses cambios.

O **Sr. Pazos Lamoso** manifesta, respecto a este punto, que foi a Sra. alcaldesa quen llo adiantou, nunha reunión informal que tiveron, como un feito certo, como unha realidade que ía a ser así porque xa estaba decidido. Os argumentos que se deron nesa reunión e que agora repítense no Pleno, foron que se necesita ter a información necesaria, áxil, etc. Di que ao grupo Socialista este argumento non lle parece suficiente, pois están presupoñendo que -por parte do grupo que representan se vai a producir o traslado da información, cousa que, ata onde el pode afirmar, non é certo, posto que sempre foi leal a colaboración con calquera equipo de goberno, algo que outros grupos non fixeron, no seu momento. Engade que o grupo Socialista nunca tivo ningún problema, nin usou a información que alí obtivo, nin para dilatar, nin para poñer trabas, por elo sorpréndelle esa desconfianza inicial e non acaba de entender o argumento de que como non van a trasladar a información en tempo e en forma nin de maneira eficiente, optan porque non estean representados. Engade que, ese argumento non lle parece elegante, nin suficiente, ademais foi algo xa decidido, pois nin sequera consultóuselles se querían estar representados e participar, activamente, na vida escolar, cando si que lles gustaría asistir. Anuncia que o grupo Socialista vaise a abster. Di que sorpréndelle esta proposta xa que o posicionamento que tiña o PP no ano 2007 foi en contra á non presenza dos grupos da oposición nos consellos escolares, lembra que falaban de que se quitaba a palabra á oposición, sen embargo, agora, 12 anos máis tarde, ese argumento xa non é válido.

A **Sra. Santos Omil** empeza a súa intervención cunha pregunta: se isto fora ao revés, e fora o PP quen está na oposición e o grupo de goberno deixa, nese caso, á oposición ao marxe de poder



participar nalgún consello escolar, apoiáranos? Pensa que non. Polo tanto, o voto do BNG vai a ser en contra, xa que non vai a apoiar unha proposta que exclúe aos grupos da oposición. Di que, pola información que ten, nos consellos escolares sempre houbo representación e participación dos grupos da oposición, polo tanto o BNG solicita seguir participando, especialmente tendo en conta a situación actual do ensino público no termo municipal de Marín, na que é evidente o deterioro nos últimos anos, cunha forte perda de unidades escolares no municipio. Indica que o Sequelo perdeu dúas unidades en Infantil nos últimos 10 anos, O Grupo seis, nos últimos 15 anos, o Carballal unha unidade de Infantil nos últimos 5 anos, o Colexio de Ardán corre o risco de ser pechado, e, mentres isto pasa nos colexios públicos de Marín, nos concertados increméntanse. Engade que esta situación é inaudita, pois o ensino concertado está para paliar deficiencias de infraestruturas públicas educativas, non para suplilas, e mentres o goberno municipal mira para outro lado, non se ven actuacións para promocionar ou apoiar o ensino público en Marín. Di que non lle valen os argumentos que acaba de dar a Sra. Sanmartín, porque está dicindo que hai falta de confianza nos grupos da oposición para trasladar a información dos consellos escolares municipais, nin co que dixo na Comisión Informativa, de que non eran efectivos os consellos escolares. Dille que haberá de todo, os que sexan máis efectivos e os que sexan menos, pero tamén é función do goberno municipal cambiar a situación, reverterla, achegar ideas, achegar propostas e levar a cabo actuacións, pois mirar para outro lado non vale de nada. Dille que, como goberno, se algo non funciona o seu deber é, precisamente, facer que funcione, empezando, claramente, por asistir a todos os consellos escolares, facendo achegas, colaboracións coa Consellería de Educación para optimizar mellor os recursos públicos, elaborar un programa educativo, con actividades cos centros escolares dende principio de curso para que os centros saiban que actividades van a ter para poder participar. Di que con esta proposta o que fan é pasar o "rodillo de maioría absoluta" e os grupos da oposición non poden formar parte de ningún consello escolar. Engade que o BNG pedirá información en todas as comisións e, por suposto, estarán en contacto con todos os centros públicos.

A **Sra. Sanmartín García** manifesta que algunhas das cousas que se dixeron non son verdade e que lle gustaría aclaralas. Dille á Sra. Santos Omil que non é verdade que os grupos da oposición estiveran sempre nos consellos escolares municipais, senón que, normalmente, ata que chegaron eles non se propoñía aos grupos da oposición para estar presente nos consellos escolares. Engade que, fai 8 anos, propúxose que participaran e, xustamente, o grupo político do Sr. Pazos Lamoso, o grupo do PSdeG-PSOE, renunciou a participar, e a explicación que deu era que non lle parecía coherente que o grupo da oposición estivera presente, porque non lle parecía áxil. Engade que iso foi o que dixo o portavoz no Pleno en 2011. Pregúntalle á Sra. Santos Omil se recorda, nos 4 anos pasado, que se utilizara a Comisión Informativa de Medio Ambiente e Benestar Social, que inclúe a parte de Educación, para dicir algo relativo a algún consello escolar por parte das persoas da oposición, porque non se fixo nunca, e falta a primeira vez que se utilizara a Comisión Informativa para dar un recado ou, simplemente, enviar un "whatsapp" ou un "mail" aclarando algún tema, ou solicitando algo, e sempre que o grupo de goberno non tiña representación nun consello escolar era o director do centro quen poñíase en contacto con ela ou con algunha persoa do grupo de goberno para facer a proposta, ou para facer constar a súa petición. Di que a ela non lle gustan as medias tintas, e que xa o explicou na Comisión Informativa, pero de desleais, nin de desconfianza nada, senón que se trata de ser áxiles, de ser útiles ás persoas que vaian aos consellos escolares para que poidan transmitir á persoa que leva Educación, que neste caso é ela, os recados que xurdan, pero non se trata dicir que se perden unidades. Pregúntalle á Sra. Santos Omil se sabe os motivos polos que se perden unidades, xa que é obvio, é polo descenso da natalidade. Respecto ao que dixo sobre os colexios concertados, dille que, agora mesmo, hai prazas baleiras en calquera centro educativo de Marín, tanto concertado como público, pero a xente elixe para os seus fillos o centro educativo que quere, incluso hai quen escolle un centro educativo de fora do municipio. Cometa que na Comisión de Escolarización que houbo este luns, unha das preguntas que se fixeron alí era para saber cantos nenos de Marín, de tres anos, escolarizáronse no Colexio de Praceres, e, de 147 nenos que naceron no ano 2015 e que van a entrar no colexio este ano por primeira vez, 20 van para o colexio concertado de Praceres. Engade que por algo será, xa que a xente escolle libremente. Dille que non trate de mesturar, como se iso tivera algo que ver co grupo de goberno.

O **Sr. Pazos Lamoso** di que lle sorprende que a Sra. Sanmartín García diga que non se trata dunha desconfianza, sen embargo di que é certo que nunca, en 4 anos, o anterior grupo da oposición



deu traslado de ningunha cuestión. Dille que dos 6 representantes dos grupos da oposición, 4 son novos, co cal, se non confía na oposición, claramente non confía nin en Mariola nin en Lucía, porque só esas dúas persoas repiten neste mandato, entón, para os demais, non ten ningún argumento de desconfianza. Dille que o normal sería dicir que no mandato pasado non funcionou ben e que lle gustaría corrixilo, e preguntarlles que lles parece que o funcionamento vai a ser este. Para elo terían que chamalos, ter unha reunión, ou informarlles na Comisión Informativa, pero un mínimo de coordinación parécelle esencial e positivo, pero non dicir que a solución é que os grupos da oposición non estean, aínda que non desconfían deles, xa que parécelle insostible. Di que sorpréndelle que a Sra. Sanmartín García lembre o que defendeu o partido Socialista cando eliminou a presenza dos grupos da oposición na representación escolar no mandato 2007-2011, pois a Sra. Sanmartín García non formaba parte da Corporación e, naquel momento, o partido PP defendeu, exactamente, a mesma posición que ten agora o grupo Socialista, que é que os grupos da oposición teñen que estar representados. Entón, sorpréndelle que a Sra. Sanmartín García achegue ao actual grupo Socialista un posicionamento contrario ao que mantiveron no 2007. Opina que, dende sempre, o partido Socialista amosou a institucionalidade que representa e gustaríalles estar representados nos consellos escolares. Aclara que se absteñen, e non votan en contra, polo mesmo argumento con que dixeron que non era necesaria unha cuarta dedicación exclusiva, pois cren que o equipo de goberno ten persoal suficiente para asumir as tarefas de goberno, entre elas, esta, e como defenderon isto para que non houbera unha cuarta dedicación exclusiva que consideraban superflua, ese mesmo criterio fai que non voten en contra, pero, dende logo, non poden votar a favor desta proposta. Engade que, dentro de 4 anos, se cambia o goberno municipal, ou cando toque, verán ao grupo do PP defendendo a presenza dos grupos da oposición nos consellos escolares.

A **Sra. Santos Omil** aclara que aínda que non asistiu á Comisión Informativa durante tres anos, si estivo no último ano e si se trasladou á Comisión Informativa, hai uns meses, precisamente, que o goberno municipal apoiara unha solicitude da AMPA do Colexio de Ardán para facer unha campaña para conseguir aumentar o número de matriculacións, porque está a piques de pechar, cando é un centro cunhas estupendas infraestruturas e que vai perdendo número de alumnado. Engade que o goberno municipal non ten culpa, pero terá algunha responsabilidade, xa que a súa labor sería, precisamente, defender a ensinanza pública, pero prefiren non mollarse e non facer nada ao respecto. Dille á Sra. Sanmartín García que entende que lle pareza forte e que non queira escoitalo, pero é que está dicindo que non ten a suficiente confianza na oposición para estar nos consellos escolares. Dille que se esta contradicindo, porque, por un lado, di que vai fluír mellor a comunicación estando os representantes do grupo de goberno, e, por outro lado, está dicindo que a oposición non é necesaria que vaia porque non hai información. Pregúntalle, entón, por que quedan fora, por que a información flúe directa, ou por que non hai información e é unha parvada que vaian. Di que a realidade é que non queren que estean, nin máis, nin menos. Reitera que o BNG ten interese en asistir e en participar.

A **Sra. Sanmartín García** dille ao Sr. Pazos Lamoso que ela fala en nome do grupo do PP e que aquí nunca fala como Marián Sanmartín. Respecto a hai que 4 concelleiros/as da oposición que son novos, dille que non se pase, pois nin el nin Sr. Benito Dopazo son novos, e que as persoas novas son 2. Engade que no grupo do PP hai 7 persoas novas de 15. Dille que do que si se acorda é que no 2007 gobernaba o PSdeG-PSOE e o BNG, cando o PP, con máis concelleiros que calquera dos grupos que estaban gobernando, estaba na oposición e si quería participar nos consellos escolares municipais, pero non se lle deixou e, por iso, votou en contra. Di que no ano 2011, cando entrou a gobernar o grupo do PP, ofrecéronlle á oposición entrar e, xustamente, o grupo Socialista dixo que non, e o Sr. Pazos Lamoso era concelleiro do grupo Socialista, co cal, non é que desconfíen, nin dos grupos da oposición, nin dos concelleiros da oposición, do que desconfía é de que, durante 8 anos, non serviu esa forma na que confiaban, que era que os grupos da oposición estiveran presentes, co cal, algo que durante 8 anos non funcionou é simplemente que teñen os datos. Respecto ao que dixo e Sra. Santos Omil, de que só estivo na Comisión Informativa no último ano, dille que tiña compañeiros e algo falaría con eles, e que, ademais, estaba nos plenos e tampouco nunca díxose nada sobre os centros educativos. A Sra. Santos Omil di que o grupo de goberno do PP rexeita apoiar ao Colexio de Ardán para que aumente a matriculación, cando acaba de enumerar, fai medio minuto, a perda de alumnos e de unidades que tiveron os colexios como O Grupo, o de Ardán, de A Laxe e do Sequelo, pero o grupo de goberno non vai a apoiar a un centro concreto, e a outros non, pois pareceríalle moi inxusto. Remata dicindo que van a seguir con esta proposta para adiante.



**Seguidamente, realízase a votación ordinaria, co seguinte resultado:**

**15 votos a favor (PP )**

**5 abstencións (PSdeG-PSOE)**

**1 voto en contra (Grupo Mixto - BNG)**

**En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría absoluta, acorda:**

**Primeiro.** Nomear representantes do Concello nos consellos escolares dos centros docentes públicos de Marín aos/ás seguintes concelleiros e concelleiras :

CENTRO ESCOLAR	REPRESENTANTE	SUPLENTE
IES Illa de Tambo	Manuel Santos Costa	Cristina Acuña González
IES Chan do Monte	Cristina Acuña González	Manuel Santos Costa
IES Mestre Landín	Antonio Caíña Fortes	Marián Sanmartín García
CEIP de Ardán	Pablo Novas Caballero	Raquel Soage Guimeráns
CEIP da Laxe	Marián Sanmartín García	Antonio Traba Miñones
CEIP de Seixo	Raquel Soage Guimeráns	Pablo Novas Caballero
CEIP de Sequelo	Beatriz Rodríguez Gómez	Antonio Traba Miñones
CEIP de Carballal	Elisa Dopazo López	Antonio Caíña Fortes
EEI O Grupo	Itziar Álvarez Tapia	Beatriz Rodríguez Gómez
EEI Ntra. Sra. do Carme	Hugo González López	Itziar Álvarez Tapia
EEI de Marín de San Pedro	Fco. José Estévez Salazar	Hugo González López
EEI de Marín de Seixo	Fco. José Estévez Salazar	Hugo González López

**Segundo.** A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Benestar Social, Igualdade, Educación e Festas proporá a designación de dez membros representantes do Concello de Marín no Consello Escolar Municipal.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos designados, así como aos respectivos centros docentes.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:**

#### **3.- POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓN DITADAS NO MES DE XUÑO DE 2019.**

A **Sra. secretaria** da conta das Resolucións da Alcaldía ditadas durante o mes de xuño de 2019, que van do número 1.514 ao 1.808.

**O Pleno queda sabedor.**

#### **4.- DACIÓN DE CONTAS DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTES E DO ESTABLECEMENTO DA DATA, HORA E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS.**

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria e urxente de data 21 de xuño de 2019, no punto quinto da orde do día, polo que se aproba a creación e composición das Comisións Informativas Permanentes, á vista dos escritos presentados polos distintos portavoces dos grupos políticos, nos que se relacionan os concelleiros/as do seu grupo que integran as mesmas, e á vista da proposta da Alcaldía sobre a delegación da presidencia das comisións informativas, en cumprimento do establecido no art. 20 da LRBRL e 38 do ROF, as Comisións Informativas Permanentes do Concello de Marín quedan integradas polos seguintes membros da Corporación, sendo a periodicidade das súas sesión e a data e hora de celebración das mesmas a que de seguido indícase:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, COMERCIO, DINAMIZACIÓN, PARQUES E XARDÍNS E CEMITERIOS**

Data, hora e periodicidade: o primeiro mércores de cada mes, ás 12 horas.

PRESIDENTA (PP)	PRESIDENTE SUPLENTE (PP)
M <sup>a</sup> Cristina Acuña González	Antonio Traba Miñones

VOCAIS TITULARES	VOCAIS SUPLENTES
Raquel Soage Guimeráns (PP)	
Antonio Caíña Fortes (PP)	
Itziar Álvarez Tapia (PP)	
Manuel Domingos González García(PP)	
Elisa Dopazo López (PP)	
Manuel Ángel Pazos Lamoso (PSdeG-PSOE)	Benito González Dopazo (PSdeG-PSOE)
Iria Sobrino Fagilde (PSdeG-PSOE)	Mariola González Recamán (PSdeG-PSOE)
	Diego González Martínez (PSdeG-PSOE)
Lucía Santos Omil (Grupo Mixto)	

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, FACENDA, PERSOAL, VIVENDA, EMPREGO, EMPRESA, TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO**

Data, hora e periodicidade: o primeiro mércores de cada mes, ás 12.30 horas.

PRESIDENTE	PRESIDENTA SUPLENTE
Manuel Santos Costa (PP)	Cristina Acuña González (PP)

VOCAIS TITULARES	VOCAIS SUPLENTES
Antonio Traba Miñones (PP)	
Cristina Acuña González (PP)	
Raquel Soage Guimeráns (PP)	
Hugo González López (PP)	
Itziar Álvarez Tapia (PP)	
Manuel Ángel Pazos Lamoso (PSdeG-PSOE)	Benito González Dopazo (PSdeG-PSOE)
Iria Sobrino Fagilde (PSdeG-PSOE)	Mariola González Recamán (PSdeG-PSOE)
	Diego González Martínez (PSdeG-PSOE)
Lucía Santos Omil (Grupo Mixto)	

**COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGURIDADE, POLICÍA LOCAL E MOBILIDADE**

Data, hora e periodicidade: o primeiro mércores de cada mes, ás 13 horas.



PRESIDENTE	PRESIDENTA SUPLENTE
Francisco José Estévez Salazar (PP)	Antonio Traba Miñones (PP)

VOCAIS TITULARES	VOCAIS SUPLENTES
Antonio Traba Miñones (PP)	
Beatriz Rodríguez Gómez (PP)	
Raquel Soage Guimeráns (PP)	
Antonio Caiña Fortes (PP)	
Itziar Álvarez Tapia (PP)	
Manuel Ángel Pazos Lamoso (PSdeG-PSOE)	Benito González Dopazo (PSdeG-PSOE)
Iria Sobrino Fagilde (PSdeG-PSOE)	Mariola González Recamán (PSdeG-PSOE)
	Diego González Martínez (PSdeG-PSOE)
Lucía Santos Omil (Grupo Mixto)	

**COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, SERVICIOS, EXECUCIÓN DE OBRAS NAS PARROQUIAS, COORDINACIÓN COS COLECTIVOS VECIÑAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

Data, hora e periodicidade: o primeiro xoves de cada mes, ás 12 horas.,

PRESIDENTE	PRESIDENTA SUPLENTE
Pablo Novas Caballero (PP)	Antonio Traba Miñones (PP)

VOCAIS TITULARES	VOCAIS SUPLENTES
Antonio Traba Miñones (PP)	
Antonio Caiña Fortes (PP)	
Itziar Álvarez Tapia (PP)	
Manuel Domingos González García (PP)	
Elisa Dopazo López (PP)	
Benito González Dopazo (PSdeG-PSOE)	Manuel Ángel Pazos Lamoso (PSdeG-PSOE)
Mariola González Recamán (PSdeG-PSOE)	Iria Sobrino Fagilde (PSdeG-PSOE)
	Diego González Martínez (PSdeG-PSOE)
Lucía Santos Omil (Grupo Mixto)	

**COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, PATRIMONIO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, COORDINACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS E UTILIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS CULTURAIS**

Data, hora e periodicidade: o primeiro xoves de cada mes, ás 12.30 horas.,

PRESIDENTE	PRESIDENTA SUPLENTE
------------	---------------------





Beatriz Rodríguez Gómez (PP)	Cristina Acuña González (PP)
<b>VOCAIS TITULARES</b>	<b>VOCAIS SUPLENTES</b>
Cristina Acuña González (PP)	
Raquel Soage Guimeráns (PP)	
Antonio Caíña Fortes (PP)	
Itziar Álvarez Tapia (PP)	
Hugo González López (PP)	
Benito González Dopazo (PSdeG-PSOE)	Manuel Ángel Pazos Lamoso (PSdeG-PSOE)
Mariola González Recamán (PSdeG-PSOE)	Iria Sobrino Fagilde (PSdeG-PSOE)
	Diego González Martínez (PSdeG-PSOE)
Lucía Santos Omil (Grupo Mixto)	

**COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTE, XESTIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS,  
ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E XUVENTUDE**

Data, hora e periodicidade: o primeiro xoves de cada mes, ás 13 horas.,

<b>PRESIDENTE</b>	<b>PRESIDENTA SUPLENTE</b>
Antonio Traba Miñones (PP)	Cristina Acuña González (PP)

<b>VOCAIS TITULARES</b>	<b>VOCAIS SUPLENTES</b>
Cristina Acuña González (PP)	
Raquel Soage Guimeráns (PP)	
Antonio Caíña Fortes (PP)	
Itziar Álvarez Tapia (PP)	
Mónica Viqueira Rodríguez (PP)	
Benito González Dopazo (PSdeG-PSOE)	Manuel Ángel Pazos Lamoso (PSdeG-PSOE)
Diego González Martínez (PSdeG-PSOE)	Iria Sobrino Fagilde (PSdeG-PSOE)
	Mariola González Recamán (PSdeG-PSOE)
Lucía Santos Omil (Grupo Mixto)	

**COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE,  
EDUCACIÓN E FESTAS**

Data, hora e periodicidade: o primeiro xoves de cada mes, ás 13.30 horas.,

<b>PRESIDENTE</b>	<b>PRESIDENTA SUPLENTE</b>
Marián Sanmartín García (PP)	Antonio Traba Miñones (PP)

<b>VOCAIS TITULARES</b>	<b>VOCAIS SUPLENTES</b>
-------------------------	-------------------------



Antonio Traba Miñones (PP)	
Francisco José Estévez Salazar (PP)	
Raquel Soage Guimeráns (PP)	
Antonio Caiña Fortes (PP)	
Mónica Viqueira Rodríguez (PP)	
Benito González Dopazo (PSdeG-PSOE)	Manuel Ángel Pazos Lamoso (PSdeG-PSOE)
Diego González Martínez (PSdeG-PSOE)	Iria Sobrino Fagilde (PSdeG-PSOE)
Lucía Santos Omil (Grupo Mixto)	Mariola González Recamán (PSdeG-PSOE)

**5.- POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA CORPORACIÓN DA SOLICITUDE DE REINVESTIMENTO DA BAIXA XERADA NO PLAN CONCELLOS 2017 PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE BAÑOS NO PATIO NORTE DE PRAZA DE ABASTOS DE MARÍN” EN CUMPRIMENTO DAS BASES DO “PLAN CONCELLOS 2017”.**

A **Sra. secretaria** informa que segundo as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra, as solicitudes de subvención deberán ser aprobadas mediante acordo do órgano competente do Concello. No caso de seren aprobadas mediante decreto da Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta de dita aprobación ao Pleno da Corporación municipal. En cumprimento de ditas bases, ponse en coñecemento deste Pleno a SOLICITUDE DE REINVESTIMENTO DA BAIXA XERADA NO PLAN CONCELLOS 2017 PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE BAÑOS NO PATIO NORTE DA PRAZA DE ABASTOS DE MARÍN”, que aprobose por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de abril de 2019, por importe de 21.355,91 €, cunha achega municipal de 6.651,02 €.

**O Pleno queda sabedor.**

**6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

\* O **Sr. Pazos Lamoso** formula os seguintes rogos:

- Quere facer unha felicitación en relación cunha acción que houbo nas Festas do Carne especialmente positiva e moi interesante, que foi o de apagar o son durante unha hora para que persoas que padecen autismo poidan asistir, así como facilitar a persoas con mobilidade reducida a asistencia a concertos. Parécelle moi positivo e quere facelo aquí público.

- Fai un rogo no sentido de que, despois de case 30 anos de Corporación, terían que intentar que nalgúns actos que organiza este Concello, como pode ser o pregón, empecese a dispor dunha interprete de signos para dar visibilidade a unha realidade moitas veces oculta. Sabe que, ao mellor, é moi difícil que estean en todos os actos públicos, pero que estean, polo menos, naqueles que sexan especialmente interesantes. Comenta que o partido Socialista, na campaña electoral, dispuxo dese interprete de signos e foi moi interesante.

- O seguinte rogo refírese a que, a semana pasada, houbo a visita dun conselleiro da Xunta de Galicia á que non foron nin avisados, nin invitados, polo que traslada o seu malestar pois entende que debería haber un respecto cara as formas da institución e quere deixalo patente para que se corrixa e naqueles actos nos que se participe e asistan conselleiros poidan os grupos da oposición, tamén, ser participes.

A **Sra. alcaldesa** responde:

- Aclara que non sabía a repercusión que ía ter, cando un familiar dunha persoa con autismo-asperxer propuxo esa medida, ademais non sabían se ían a ser capaces de facela efectiva, pois dependía, tamén, da vontade dos donos das atraccións, pero foi aceptada con normalidade, aínda que é verdade que, con calor, de 6 a 7 da tarde é moi cedo, pero, senón, despois é moi difícil de controlar porque se mesturan moitos sons das distintas atraccións. Di que esta medida está tendo moita aceptación, incluso con chamadas de moitos concellos para reproducilo.



- Respecto a ter, en actos municipais, un interprete de linguaxe de signos, dille que o teñen empregado nalgúns actos, pois teñen un convenio coa Asociación de Xordos de Pontevedra, pero, a veces, non están dispoñibles. En todo caso, é verdade que para o pregón non fixeron a xestión, aínda que para outros actos si se ten feito. Engade que é positivo e soen acudir.

- Respecto ao rogo sobre a visita do conselleiro, explica que non foi unha visita estritamente institucional, de feito ela tampouco foi invitada directamente pola Consellería, senón que o conselleiro realizaba unha visita ás instalacións de Xoán XXIII, en Pontevedra, e despois desprazouse a ver un exemplo da actuación que realizan en Briz, desde fai preto de 23 anos. Aclara que a chamaron directamente de Xoán XXIII, pero non a citaron directamente dende a Consellería, incluso non sabía que viña o conselleiro ata a última hora. Engade que non ten ningún problema en que, cando haxa unha visita estritamente institucional, en convidalos, pero, neste caso, ten que entender que se a ela, a última hora da mañá, a través da Asociación Xoán XXIII, mándanlle unha mensaxe ao seu teléfono móbil para saber se alguén podía estar. Engade que deu a casualidade de que ela estaba dispoñible, pero podía non estar. Di que se trataba dunha proposta a través dunha Orde que vai a sacar a Consellería e interesáballes que lles acláranse algúns aspectos técnicos a nivel de subvencións. Engade que foi unha reunión estritamente técnica.

\* A **Sra. Sobrino Fagilde** formula o seguinte rogo:

- Indica que quere incorporar un rogo, do que xa faláron nas comisións, sobre o calmado do tráfico, sobre todo polo incremento de uso peonil de todos os espazos, xa sexa en días festivos -aínda que xa non sexa posible para as festas deste ano-, pero tamén en relación coas praias e a alta presión peonil e de nenos en espazos que, a veces, por circunstancias do urbanismo, non teñen nin sequera beirarrúas. Pon o exemplo dos autobuses que chegan ás praias, nos que sobre todo van adolescentes, e baixan en zonas onde non hai beirarrúas, nin sinalización, e nunha vía que é especialmente transitada. Engade que non se está referindo propiamente ao vial de praias. Manifesta que é un rogo de reflexión, no sentido de que, ao igual que se debuxan nas vías espazos de obras, cando se realiza unha obra, para avisar que nunha determinada zona hai un certo perigo, podíase incorporar unha reflexión sobre o espazo que temporalmente está ocupando o peón neses momentos de gran presión de xente e, incluso, polo incremento temporal de habitantes. Indica que existe a figura "street-rap" para serigrafado de espazos, temporalmente, no chan, que pode converter espazos que son habitualmente rodados en potenciais beirarrúas/prazas. Indica que está falando dun nivel de investimento que se asimila ao ornato que se usa para as festas, é incorporar o chan ao ornato, en dirección ao calmado de tráfico e a facilitar o traballo da Policía Local, que ten moito traballo nesta época estival polo incremento de poboación polas festas. É incorporar o pavimento como un lenzo máis e aproveitar ese lenzo como calmado de tráfico, debuxando beirarrúas que non existe, pero ese serigrafado pode axudar, con mucho, a calmar visualmente o tráfico sen necesidade de incorporar barreiras. Engade que para calmar do tráfico tamén sería susceptibles incorporar barreiras ou lombos temporais pero, probablemente, sería peor recibido pola poboación.

\* A **Sra. alcaldesa** responde que de cara ao verán tómanse algunhas medidas de seguridade vial que o resto do ano non se toman, como a dirección única do vial de praias, sobre todo no tramo dende Mogor dirección a Aguete, para permitir a fluidez do tráfico nunha soa dirección, logo limitáanse as direccións transversais de todos e cada un dos viais que comunican coa estrada autonómica, pois hai xente que vai a pé a praia, aínda que polo vial de praias hai un sendeiro practicamente ata o final da praia de Aguete dende a baixada de Portocelo. Pensa que nesa zona estaría ben a dirección única e tamén nas transversais, onde só permítese o acceso a residentes de determinadas zonas no dobre sentido. Engade que logo xa tocan coa estrada autonómica, que ten tramos de senda, aínda que faltan dous tramos, un xa está en obras, que é o tramo de Vilaseca a Lapamán, sendo unha zona que, aínda que está en obras, estase utilizando, tanto para aparcas, como para ir camiñando, e falta o tramo onde non hai por onde camiñar, que é practicamente dende onde finaliza a senda de "Bagüín", que é case en Aguete, e que tería que unirse co inicio das beirarrúas de Seixo, despois da gasoleira. Indica que aí está previsto facer unha senda que permitiría, con eses tramos que faltan por facer, ter un percorrido peonil practicamente completo pola parte de arriba. Engade que outra cousa é engadir, en determinadas zonas, a través de pictogramas, especificamente para o verán, determinadas zonas que permitan iso. Respecto ao tema de calmado de tráfico con motivo das festas, di que é moi complexo, porque as arterias fundamentais de Marín, que dan entrada e saída, son a estrada nacional da Avenida



de Ourense, que cando hai actuacións limitase en determinadas horas a un só carril, e a estrada autonómica que discorre pola rúa da Ponte e Concepción Arenal, dirección Pontevedra, polo tanto, esas rúas van a estar con moito tráfico, nesas datas, porque practicamente é inviable poder facelo doutro xeito. Indica que se puxeron sinais na rotonda para a utilización preferente de variante e intentar que eses días, sobre todos os que non teñen que pasar polo casco urbano de Marín, os vehículos vaian pola variante, incluso a xente que se dirixe á parte alta de Ezequiel Massoni, Jaime Janer, San Xulián e de aí para arriba, saian pola variante na rotonda de Pardavila e así eviten o colapso de tráfico. Indica que é, en xeral, o que se vai a facer estes días, pero están abertos, de cara ao futuro, a que se poidan propoñer cousas máis concretas e específicas en determinadas zonas.

\* A **Sra. González Recamán** formula os seguintes rogos e preguntas:

- Pregunta se xa está resolta a contratación dos socorristas e cando van a empezar definitivamente.

- Di que no vial de praias hai un tramo con as vallas rotas, pasando Mogor. Pregunta si se van a repoñer.

- Onte houbo un problema eléctrico na actuación do “Combo Dominicano” que motivou moito atraso. Pregunta se xa está resolto ou se vai a ser un problema para as demais actuacións musicais.

- Quere comentar que na festa de fin de curso que se celebrou en varias rúas do centro de Marín e no parque Eguren, o DJ que actuou no parque Eguren non aplicou ningún filtro aos temas de contido sexual, sendo bastante desafortunado cara as mulleres, máximo tendo en conta o público ao que ía dirixido esa festa. Indica que isto non é a primeira vez que pasa, polo que roga que se solicite aos Djs e aos artistas que se absteñan de reproducir este tipo de temas. Engade que, como exemplo, vai a ler o estribeillo dunha canción que, mentres ela estivo alí, reproducíxose, polo menos, 5 veces: “tu te coqueteas, dale, metétete con tu cintura, tu me la pones dura”. Opina que é de mal gusto para calquera idade, pero pensa que para os nenos e nenas que estaban alí, que estean repetindo estas cancións, non é apropiado, polo que roga que, por favor, para o futuro se lle pida aos artistas que non reproduzan este tipo de temas, sobre todo cando as festas son infantís.

\* A **Sra. alcaldesa** responde:

- Que as probas para seleccionar aos socorristas finalizaron e que mañá contrátanse aos seleccionados, pero aínda hai tres prazas por cubrir, polo tanto, vaise a sacar unha nova convocatoria. Indica que co número de socorristas que hai pódense atender a todas as praias con bandeira azul, pero, como queren pasar un verán un pouco máis tranquilo, procederase a facer unha nova convocatoria con carácter urgente para cubrir estas tres prazas.

- Respecto ao valado roto entre Mogor e Aguete, informa que é obxecto dunha subvención de Turismo e están en proceso de contratación. Pensa que se repoñeran nas vindeiras semanas.

- Respecto do problema eléctrico, informa que onte estiveron probando o xerador que se pon na praza de España para as actuacións. Di que o xerador funcionou ata as 22:45, pero as 23:05 non funcionou debido a un problema técnico que se intentou arraxar durante máis de media hora, pero optouse por traer outro xerador para poñelo en funcionamento o antes posible, pero actuación tivo un atraso de, máis ou menos, hora e cuarto. Engade que sempre hai imprevistos, e estes días, por se acaso, van a traer outro de reposto, porque coincide en fin de semana e como hai festas en moitos sitios logo é moi complicado. Engade que espera que se solvente con normalidade.

- Con respecto ás letras das cancións da “Festa de fin de curso”, di que este tema non é a primeira vez que sae neste Pleno e vai a repetir o de sempre, pois letras de mal gusto pode traer unha ristra delas, tanto de cancións de agora, como de antes, que se practican con normalidade en calquera momento do día. Di que é verdade que poden facer un rogo, como xa fixeron anteriormente a outro artista que veu a Marín, pero o Concello non ten competencia para prohibir que se cante unha determinada letra. Engade que poden rogar ou recomendar ou expresar unha opinión, como fixeron noutras ocasións, pero, a veces, pasa isto porque non saben as cancións que se poñen en escena, nin, moitas veces, non coñecen ao DJ que reproduce as cancións, aínda que poden dicirlle que non reproduza cancións que teñan un contido sexual ou de mal gusto, pero, máis da vontade, é complexo controlalo. Engade que pode pasar esta noite, con calquera orquestra que reproduza calquera canción, e, entón, dirá que non se lle dixo nada. Di que tratarán de dicirllo, pero, son cancións que unhas veces



son propias e outras non, e resulta complicado dende a postura do grupo de goberno adiantarse a ese tipo de reproducións. Engade que recolle o rogo pero que non a recrimine se ao longo destes días pasa algo, pois é moi complicado.

\* A **Sra. Santos Omil** formula os seguintes rogos e preguntas:

- Comenta que cando se celebra un día internacional, en apoio dalgún colectivo, sóese poñer na fachada do Concello algunha bandeira, ou algún cor que estea relacionado con ese colectivo. Hai uns días conmemorouse o "Día del Orgullo LGTBI" e colocouse unha bandeira na finca de Briz. Pregunta por que na fachada do Concello non se colocou nada en apoio e solidariedade coa conmemoración dese día. Roga que para o ano que ven téñase en conta e colóquese a bandeira, tamén, no balcón do Concello.

- Traslada a queixa da veciñanza da Cañota polo ruído, xa que os fins de semanas celebrase "botellón" nas canchas de baloncesto da Cañota e soen quedar cheo de botellas, cristais e dos restos típicos do "botellón". Piden a presenza da Policía Local, polo menos, dúas veces nas noites do fin de semana para controlar, polo menos, o ruído.

- Indica que o día 2 de xullo saíu publicado no DOG axudas á mocidade para adquisición de vivenda nos centros históricos. Roga que se colgue a información na web do Concello.

\* A **Sra. alcaldesa** responde:

- Explica que cando se colgan bandeiras no balcón do Concello, normalmente, soe ir precedido da petición dunha asociación ou porque hai algunha iniciativa, pero, neste caso, a verdade, é que non teñen feita esa bandeira, porque a que hai, dende fai anos, ponse no edificio principal da finca de Briz, dado que alí se concentra o departamento de Servizos Sociais, o Centro de Información á Muller e, agora, é o punto de encontro de intercambio familiar. Engade que se pode pensar, de cara ao futuro, pero nunca ningún colectivo o pediu.

- Respecto ás queixas sobre o "botellón" na Cañota, di que as trasladará á Policía Local, e aos veciños para que, se algún día hai moito ruído ou moito follón, chamen á Policía Local para que se acerque. Engade que se reforzará un pouco a limpeza.

- Dille que tratarán de colgar na páxina web as axudas á mocidade sobre o tema de vivenda.

A Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión as dezanove horas e cincuenta e sete minutos, do que como secretaria dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE  
Asdo.: María Ramallo Vázquez

A SECRETARIA  
Asdo.: Paula Costas Romero

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)